

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP) D^a

Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día vinte un de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES DE DATA 19 DE OCTUBRO DE 2015 (PLENO ORDINARIO) E 23 DE NOVIEMBRE DE 2015. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador das actas das sesións plenarias anteriores, de data 19 de outubro de 2015 (pleno ordinario) e 23 de novembro de 2015 (pleno extraordinario).

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar os borradores das devanditas actas.

2º.- ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO DE 2016. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do acordo adoptado pola Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 17 de decembro de 2015, que a seguir se transcribe integramente:

“1º.-ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2016. INFORME.

Por Secretaría dáse conta á comisión da Proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe íntegramente:

“ Tendo sido formado por esta Presidencia o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2.016, cos base nos Orzamentos e Estados de Previsión a que fai referencia o artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez informado pola Interventora Municipal, remítase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas, en unión dos anexos e documentación a que fai referencia o citado artigo 168.4 e o 166 do mesmo texto legal, para a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2016 que ascende, no Estado de Ingresos a 6.486.000,00 euros e no Estado de Gastos a 6.150.000,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

CUARTO.- Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2016 e do cumprimento do límite de débeda.

QUINTO.- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SEXTO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.”

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, e maila Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamentos é en especial o que se refire ao anexo de inversións.

Enterada a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa,, Abad López e Iglesias Guerreiro, acorda informar favorablemente a aprobación polo Pleno Corporativo da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

Os Srs. López Hermida e Fernández Louzao manifestan que se pronunciarán no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do orzamento municipal para o exercicio de 2016.

Polo Sr. Fernández Louzao manifestase, en relación coa obra de recuperación da fonte de Vilachá incluída no Anexo de Inversións, que deberían de respectarse os elementos orixinais como o lavadoiro de pedra que ó parecer atópase debaixo dunha capa de cemento.

Polo Sr. Alcalde contestase que nas obras de recuperación sempre se utilizan materiais tradicionais como a pizarra e a pedra, engadindo que intentarás recuperar o lavadoiro orixinal sinalando que en calquera caso estaba previsto executar un de pedra do país.

Polo Sr. López Hermida preguntase como é posible que a pesar das importantes inversións en eficiencia enerxética os gastos correntes aumentan todos os anos.

Polo Sr. Alcalde contéstase que o consumo eléctrico está a descender dun xeito importante, nalgúns casos case un 50%, como consecuencia das inversións en eficiencia e en enerxías alternativas engadindo que esos aforros non teñen un reflexo directo nas contas debido aos aumentos do prezo da enerxía e ó complexo sistema de facturación do subministro.

Coa autorización da Presidencia pola Interventora Municipal salientase que neste exercicio a estrutura das contas modificouse para adaptala á estrutura da aplicación informática do Ministerio de Hacienda creada para o cálculo dos costes dos servizos e por isa razón é complicado efectuar comparacións de gasto con exercicios económicos anteriores.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras.; Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco e Balseiro López, e coa abstención dos Sres./Sras.; López López, López Hermida, Fernández Louzao e Pernas Quelle acorda aprobar o ditame da Comisión Especial de Contas, anteriormente transcrito.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo asuntos que tratar.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo

